



[borrador] CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E O CONCELLO DE RIBADAVIA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS RELACIONADAS COA TRIXÉSIMO CUARTA EDICIÓN DA MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO DE RIBADAVIA

COMPARECEN

Dunha banda, **Jacobo Sutil Nesta**, na súa calidade de director da **Axencia Galega das Industrias Culturais** (no sucesivo Agadic), con CIF Q-6550009-B e enderezo na Cidade da Cultura de Galicia, Monte Gaiás s/n, Santiago de Compostela, no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo pola Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais e o Decreto 150/2012, de 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais (por delegación, en virtude da resolución do 24 de xullo de 2012, do presidente do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais, de delegación de competencias na persoa titular da Dirección da Agadic, publicada no Diario Oficial de Galicia o 29 de agosto de 2012).

E doutra, **José Ignacio Gómez Pérez**, na súa calidade de Alcalde-presidente do **Concello de Ribadavia**, con CIF P-3207000E, con sede na Praza Maior s/n, 32400 Ribadavia (Ourense), con poderes suficientes para a celebración deste acto en virtude do establecido na documentación achegada.

As dúas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas e

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- A **Axencia Galega das Industrias Culturais**, creada pola Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, é unha axencia pública con personalidade xurídica propia, patrimonio propio e autonomía na súa xestión, segundo establece o artigo 1.2 da citada Lei.

O obxecto da Axencia é, entre outros, o fomento da oferta de bens e servizos culturais, fixado polo artigo 3.1 da Lei, e entre as súas funcións atribúense a de favorecer os produtos que difundan a lingua, a cultura e as tradicións propias de Galicia (artigo 5.1.b) da Lei 4/2008), así como contribuír á mellora na preparación e cualificación artística, técnica e empresarial dos recursos humanos, impulsando plans formativos acordes coas necesidades profesionais das empresas do sector (artigo 5.1.d) da Lei 4/2008). Para o logro dos seus obxectivos, a Agadic poderá subscribir convenios, realizar actividades comerciais e industriais, conceder subvencións e establecer calquera outra iniciativa de acción tendente á consecución dos obxectivos que se lle atribúen (artigo 5.2 da Lei 4/2008).





SEGUNDO.- Que o **Concello de Ribadavia** vén organizando, como unha importante cita do eido escénico, a Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, un dos eventos máis importantes do sistema teatral galego recoñecido pola Xunta de Galicia co premio da Cultura Galega 2013 na modalidade de artes escénicas ao entendela como o principal catalizador da refundación da escena galega na década dos anos 70 do pasado século. Nacida en 1973 da man da Asociación Cultural Abrente, a mostra foi adquirindo en cada edición unha maior envergadura ata se converter na cita de referencia para o conxunto dos profesionais e afeccionados do teatro galego non só de Galicia senón tamén das comunidades limítrofes, que poden acceder deste xeito a propostas de prestixiosos artistas escénicos do panorama estatal e internacional así como ás creacións galegas máis innovadoras, na meirande parte dos casos consideradas estreos absolutos en Galicia. Consólidase, así, este evento como un importante foco de atracción e de dinamización socioeconómica de toda a comarca á vez que se fortalece o papel exclusivo e necesario que a Mostra cumpre no sistema cultural galego.

A MIT foi creando, na súa xa longa traxectoria, un público fiel que sabe que vai ter a ocasión única de poder asistir a propostas de nomes relevantes do panorama escénico internacional e ás propostas máis novas das creacións galegas. Con máis de 17.000 visitantes durante os días que dura a mostra e unha ocupación media que rolda o 95% son testemuño do éxito da programación, como tamén o é a gran repercusión social do evento que medra ano tras ano de maneira continuada.

Pero a programación do certame vai máis alá da exhibición de espectáculos. O desenvolvemento dun programa de actividades paralelas e complementarias, o elevado número de estreos, a relación formal e estética que se establece os lugares de exhibición, a maioría ao aire libre e en núcleos constituídos como patrimonio histórico artístico, e o apoio á escrita teatral coa convocatoria por parte do Concello de Ribadavia dos Premios Abrente de textos teatrais dentro do marco da Mostra, converten a MIT de Ribadavia nun espazo único de experiencia escénica.

TERCEIRO.- Que a Agadic e o Concello consideran esencial o establecemento de accións conxuntas durante 2018 que profundicen na promoción e potenciación do sector teatral galego a través da colaboración neste evento, que destaca polo seu firme compromiso e dimensión popular e educativa, cunha completa programación que evidencia o pulso de calidade, compromiso, innovación, aprendizaxe e constancia dun festival cunha clara marca de identidade propia. A Agadic decide participar no desenvolvemento deste programa por tratarse dunha actividade de primeira liña na nosa Comunidade, dunha das marcas culturais xa consolidadas en Galicia, continuando co espírito renovador que leva desenvolvendo durante catro décadas Abrente, e procurando fórmulas de comprensión e de colaboración coas que a experiencia teatral acade vías de transformación polas que poida seguir incrementando a súa presenza nos tempos actuais.

Polo anteriormente exposto, as partes acordan a sinatura do presente convenio de colaboración, consonte coas seguintes





CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto deste convenio é o desenvolvemento de accións relacionadas coa trixésimo cuarta edición da MIT-Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, que se celebrará nesta poboación ourensá entre os días 14 ao 22 de xullo de 2018. Desenvolve a Mostra un amplo programa de representacións que abrirá con *Commedia, un xoguete para Goldoni*, que a compañía Contraproducións estrea co gallo do 25 aniversario deste paradigmático espectáculo do teatro galego, esbozando así un dos elementos condutores no deseño da programación desta edición da Mostra, *a commedia dell'arte*, e que se complementa pola aposta pola creación contemporánea internacional coa presenza de dous dos directores máis recoñecidos e prestixiados do panorama escénico mundial, Pippo Delbono e Thomas Jolly. Espectáculos procedentes de Italia, Portugal, México, Reino Unido e Uruguai compartirán cartel con representacións galegas e do resto do Estado (Valencia, Extremadura, Madrid, Cataluña, Andalucía e Asturias) dentro dunha programación na que terán tamén especial protagonismo as actividades paralelas deseñadas para esta edición e que combinan os ámbitos pedagóxico, experiencial e artístico, como os obradoiros ofrecidos pola directora Laila Ripoll ou as charlas e encontros sobre a profesión do escenógrafo a partir da exposición que albergará a igrexa da Madalena, "Tránsito pola escenografía española contemporánea".

SEGUNDA.- DURACIÓN DO PROXECTO

O prazo previsto para o desenvolvemento e a realización do proxecto estenderase dende a sinatura deste convenio ata o prazo máximo de vixencia nel establecido.

TERCEIRA.- RESPONSABILIDADE DO PROXECTO E OBRIGAS DAS PARTES

A organización e desenvolvemento das actividades obxecto do convenio serán realizadas polo Concello nun proceso de colaboración continua coa Agadic. A estes efectos, e no ámbito da comisión mixta de seguimento á que se refire a cláusula sexta deste convenio, ambas as entidades manterán reunións periódicas de coordinación, seguimento e control das actividades levadas a cabo nun proceso de colaboración mutua entre ambas.

Ambas entidades, a través dos seus representantes, asistirán a todos os actos públicos de presentación e difusión das actividades conveniadas, co obxecto de incidir nunha maior difusión e promoción do proxecto.

Nas actividades derivadas do obxecto do convenio, tanto nos actos públicos coma no material de difusión que se elabore, as partes comprométese a facer mención expresa da mutua colaboración así como a empregar os logotipos de ambas as entidades. O Concello comprométese a utilizar en todo o material de difusión que realice ao abeiro deste convenio a **imaxe corporativa da Agadic e da Xunta de Galicia**, seguindo as normas respectivas en materia de identidade corporativa, así como aqueles logotipos que estean en vigor no momento da sinatura deste convenio. Da mesma maneira, en todos os actos de comunicación pública que se realicen débese facer constar expresamente a **colaboración da**





Agadic (Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia), no desenvolvemento das actividades conveniadas.

O Concello comprométese, ademais, a aplicar a achega económica prevista na cláusula sétima ás actividades obxecto do convenio e a realizar as actividades que lle son propias segundo o establecido na lexislación vixente.

CUARTA.-SEGUIMIENTO DO PROXECTO

A Agadic nomeará un responsable do seguimento das actividades contempladas neste convenio, que será, así mesmo, o encargado da recepción da documentación sobre a marcha do programa.

QUINTA.- PRESENTACIÓN DO PROXECTO

O Concello informará ao interlocutor designado pola Agadic periodicamente sobre a marcha das actividades realizadas ao longo do programa. O proxecto de actuacións responderá ao previsto no programa de actividades.

SEXTA.- ESTABLECEMENTO DUNHA COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO

Para o bo desenvolvemento das actividades obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta integrada por representantes de cada unha das entidades, á que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas deste convenio.

Por parte da Agadic actuará como representante o director do organismo, ou persoa en quen delegue. Por parte do Concello actuará como responsable desta comisión o seu alcalde-presidente, ou persoa que designe en substitución.

SÉTIMA.- FINANCIAMENTO E XUSTIFICACIÓN


Para a realización conxunta do programa de actividades conveniadas, a Agadic comprométese a achegarlle ao Concello a cantidade de **60.000 (sesenta e mil) euros, impostos incluídos**, para o que existe crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 10.A1.432.B.640.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2018.

Se por calquera circunstancia as actividades obxecto do presente convenio non foran realizadas ou non se axustaran ao plan previsto, o Concello quedará obrigado á devolución das cantidades percibidas.

O pagamento por parte da Agadic efectuarase en tres fases:

- **50%** tras a sinatura do convenio, co obxecto de financiar as fases preparatorias das actividades conveniadas. Para iso, a entidade **debe facer entrega dun escrito acreditativo** de que xa se leva realizado tal porcentaxe de preparación do proxecto.





- **25%** durante o mes de **xuño**, co obxecto de seguir avanzando no financiamento das seguintes fases do proxecto. Para iso, a entidade **debe facer entrega dun informe explicativo** sobre o desenvolvemento e execución do proxecto.

- **25%** unha vez rematadas as actividades, e levarase a cabo unha vez xustificado o orzamento da actividade presentado no proxecto económico (**167.422 euros**), que debe facerse coa entrega, antes da data de remate de vixencia do convenio estipulada na cláusula décimo segunda, da seguinte documentación:

- **Memoria descriptiva das actividades desenvolvidas**, con indicación das posibles desviacións con respecto ao proxecto inicial presentado para a firma do convenio, e das súas causas e incidencias.
- **Memoria económica**, con **desagregación e explicación** de cada un dos gastos realizados para a realización das actividades, indicando que tales gastos teñen relación co obxecto do convenio. Todas as desviacións ou variacións con respecto ao proxecto económico presentado para a firma do convenio deben ser explicadas e motivadas convenientemente na memoria.
- **Xustificantes de gasto por importe da totalidade da actividade (167.422 euros)**, que deberán estar debidamente cubertos e farán referencia ás actividades obxecto do convenio detalladas no proxecto de actividades e proxecto económico presentados no momento da sinatura do convenio. Estes xustificantes de gasto deben vir acompañados **dos xustificantes bancarios dos pagamentos** (transferencia bancaria, certificación bancaria, extracto de pagamento, movementos de tarxeta de crédito, etc.).
- Con carácter excepcional, admitiranse pagamentos en metálico cando o seu importe, individual ou en conxunto por proveedor, non supere os 300 euros. Neste caso, o pagamento xustificarse mediante a factura asinada e selada polo proveedor en que figure a expresión "recibín en metálico".
- **Canto á forma de presentación**, os xustificantes de gasto así como os seus xustificantes de pagamento deben entregarse **clasificados** segundo os apartados da memoria económica presentada.


Para os efectos deste convenio, considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade ao período de finalización da vixencia do convenio.

Non se considerarán xustificadas aqueles gastos que non cumpran o establecido nos parágrafos precedentes.

A totalidade do importe achegado pola Agadic está destinado a cubrir os custos das actividades conveniadas, segundo a memoria presentada, sen que haxa beneficio económico de ningún tipo por parte do Concello, e en ningún caso existirá ánimo de lucro xerado polas actividades desenvolvidas nin beneficio industrial ningún.

O Concello ten a obriga de someterse ás accións de comprobación que realice a Xunta de Galicia, así como prestar colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e ao Consello de Contas de Galicia.





OITAVA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E OS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio serán de titularidade e uso común da Agadic e do Concello. A Agadic resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público. Os resultados deste programa de actividades quedarán para futuras edicións e ámbas as partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

Calquera que sexa o medio de difusión, ambas partes comprométense a facer mención expresa deste convenio. En calquera caso o Concello poderá facer uso dos coñecementos adquiridos durante a realización do programa en actividades propias da súa función.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

NOVENA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ENTIDADE

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades previstas e a Agadic, de tal xeito que a esta non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMA.- TRANSPARENCIA

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, o Concello acepta e consente a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

DÉCIMO PRIMEIRA: MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESCISIÓN DO CONVENIO

As partes poderán denunciar ou modificar este convenio en calquera momento por acordo mutuo.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para rescindir o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo. En tal caso as partes realizaranse entre elas os pagos e reintegros que procedan en relación cos gastos efectivamente executados polo Concello, debidamente xustificadas como se recolle na cláusula sétima, ou aqueles compromisos firmes adquiridos con terceiros, debidamente acreditados.

DÉCIMO SEGUNDA.- VIXENCIA DO CONVENIO

Este convenio estenderá a súa vixencia dende a data da sinatura ata o **17 de decembro de 2018**.





DÉCIMO TERCEIRA.- NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

DÉCIMO CUARTA.- RÉXIME XURÍDICO

Será de aplicación no desenvolvemento deste convenio a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e, supletoriamente, os principios establecidos na lexislación de contratos.

DÉCIMO QUINTA.- XURISDICIÓN

As partes comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento deste convenio.

No seu caso, as partes someterán as diverxencias que puideran presentarse en orde á interpretación ou cumprimento deste convenio á xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan

POLA AGADIC

POLO CONCELLO DE RIBADAVIA

Jacobo Sutil Nesta

Director da Agadic

José Ignacio Gómez Pérez

Alcalde-Presidente do Concello de Ribadavia

